

Vigora, sí.

Programa electoral
Municipais 2011

PSG
PSOE



1. Primeiro Vigo.....	p.4
2. A transformación da cidade.....	p.7
3. O Vigo da igualdade.....	p.9
Muller	
Xuventude	
Maiores	
Discapacitados	
Inmigración	
4. O Vigo das grandes infraestruturas	p.16
AVE	
Aeroporto	
Auditorio	
Autopista do Mar	
Rande	
Autovía Vigo-Pontevedra	
5. O Vigo dos servizos públicos e a política social.....	p.20
Educación	
Universidade	
Sanidade	
Política Social	
Familia	
Cultura	
Deporte	
6. O Vigo da economía.....	p.31
Economía	
Industria	
Comercio	
Turismo	
7. O Vigo da creación de emprego.....	p.39
8. O Vigo dun entorno sostible.....	p.43
9. O Vigo da mobilidade e a vivenda.....	p.45

10. O Vigo do bo goberno. O goberno da austeridade.....p.47

Facenda Local
Administración Local
Participación
Voluntariado

Introdución

Desde o ano 2007, Vigo ten experimentado a maior transformación da súa historia. Un cambio substancial que abrangue desde grandes infraestruturas ata a humanización das súas rúas pasando polo asentamento dunha filosofía de xestión política baseada no diálogo e na igualdade.

O vindeiro 22 de maio a cidadanía viguesa decidirá se quere avanzar nesta transformación construíndo unha cidade líder no social, no político e no económico ou se pola contra aposta por un modelo neoliberal que ameaza claramente os eixos fundamentais dos servizos públicos tal e como os coñecemos.

Este documento describe como pretendemos os socialistas seguir traballando na senda de éxito marcada pola xestión de Abel Caballero. Falamos de futuro pero o facemos desde un presente do que, como a meirande parte das viguesas e os vigueses, sentímonos fondamente orgullosos.

Desde xa, todos os nosos esforzos tenden a explicar de xeito divulgativo estas liñas de acción. Cómpre chegar ata o último cidadán de Vigo para deixar ben claro todo o realizado e, o que aínda é máis importante, todo o que temos por realizar.

A mobilización das ideas debe preceder á mobilización das persoas para garantir que o 22 de maio de 2011 sexa unha festa democrática plena.

Primeiro, Vigo

A nosa historia como cidade fala de xenerosidade e de entrega. O problema é que, moitas veces, esta forma de ser permitiu a anteposición dos intereses persoais ou os dun partido aos intereses de Vigo. Con nós, isto non ten pasado e, o máis importante, nunca vai pasar. Somos socialistas. Somos vigoeses. Xestionamos estas dúas realidades co obxecto de aportar beneficios concretos a Vigo e a súa cidadanía.

Área Metropolitana

Vigo é a maior cidade de Galicia e, xunto coa súa área metropolitana, constitúe un auténtico motor de crecemento económico para o país; un exemplo de competitividade e de adaptación a unha realidade social e económica cambiante.

A área metropolitana de Vigo, constituída por máis de 477.000 habitantes, caracterízase polo seu dinamismo e densidade xeográfica, por índices de actividade económica e niveis de renda máis elevados e por un peso maior das ocupacións de carácter profesional, traballadores do sector servizos e traballadores cualificados da industria manufactureira, cun sistema empresarial moi diversificado.

Obxectivo

A expansión urbana obriga a adaptar os modelos de crecemento urbano á nova realidade. Isto pasa por combater as desigualdades, fomentar a cohesión social e territorial, garantir a mobilidade, planificar as infraestruturas, coordinar as políticas e os servizos, garantir a accesibilidade dos cidadáns aos servizos públicos, asegurar a competitividade e a eficiencia... Todos eles son os retos que debe afrontar o municipalismo moderno nun contexto supramunicipal.

É necesario construír espazos para a planificación, a coordinación e a xestión eficaz dos recursos nos espazos urbanos. É preciso que se materialice unha transferencia real de recursos económicos e competencias dos entes autonómicos e provinciais ás áreas metropolitanas.

A área metropolitana de Vigo, por tanto, terá que ser un instrumento ao servizo dos cidadáns, que non duplique administracións, e que non teña un maior custo para os habitantes da área; os cidadáns non poden pagar máis polos mesmos servizos.

Medidas

A área metropolitana debe ir subsumindo unha administración provincial por una administración de base urbana financiada coa cooperación do goberno autonómico e da Deputación. Para elo propoñemos:

- Autogoberno, nun marco relacional de proximidade, cooperación e lealdade institucional co resto de administracións.
- Situación da capitalidade da área metropolitana no Concello de Vigo.
- O presidente será a persoa que ostente á Alcaldía de Vigo, dado o peso e a importancia deste concello.
- Ampliación do ámbito territorial da área metropolitana de Vigo aos municipios limítrofes con algún municipio dos xa integrantes. Estes concellos poderán adherirse voluntariamente se a súa solicitude é aprobada en pleno pola súa corporación.
- Competencias en materia de transporte e mobilidade, augas, residuos, promoción económica e emprego, concellos en rede, servizos sociais e de promoción e reinserción social, turismo, medio ambiente, conservación e xestión de espazos naturais supramunicipais, promoción e aproveitamento de enerxías alternativas, ordenación do territorio, planificación de infraestruturas, dotacións e equipamentos, prevención e extinción de incendios e policía local, protección civil e salvamento.
- Elaboración dun Plan Metropolitano, a nivel xeral, no que se planifiquen as actuacións nos apartados anteriores.
- Composición da Asemblea Metropolitana mantendo un equilibrio maior entre a poboación, a asunción de cargas e a representatividade.
- Definición do papel da Deputación Provincial que deberá pasar pola xestión de todas as competencias correspondentes ao organismo provincial que poidan ser delegadas no correspondente territorio.

- Financiamento con cargo a diversas fontes (ingresos correspondentes do seu patrimonio, ás contribucións dos municipios integrados na área, ás subvencións e achegas provenientes doutras administracións, aos canons pola utilización de bens públicos... En ningún caso poderá facerse a conta de recargos nos impostos, nin pode significar o aumento da presión fiscal para os cidadáns.
- Definición do papel da Xunta que debe contribuír ao financiamento da entidade.

A transformación da cidade

Nunca na historia de Vigo se tiña actuado de xeito tan profundo en todas as zonas da cidade. Hoxe Vigo é unha cidade para vivir, unha cidade que conta con rúas renovadas onde as persoas gañamos espazo para compartilo cos nosos veciños.

Unha cidade que agora conta en todos os barrios e parroquias con espazos verdes, con parques infantís, con bancos, con áreas biosaudables...que nos permiten vivir a nosa cidade como nunca antes o tiñamos feito.

Pero ademais, todas as zonas que foron humanizadas conseguiron automaticamente unha maior dinamización social, que contribúe tamén a unha maior dinamización económica.

Obxectivo

O reto que se procura nos vindeiros catro anos é o de completar o ambicioso plan de humanizacións de Vigo. Esta tarefa representa en si mesma un activo de dinamización económica pero ademais afonda na necesidade de consolidar o Vigo da igualdade e o Vigo da responsabilidade ambiental.

Medidas

- Completar o mapa de humanizacións comezado no 2007, e que ata o de agora ten beneficiado a 200.000 vigueses e viguesas, para que abrangan ao conxunto da cidade.
- Neste proxecto prestarase especial atención ás parroquias tanto desde a perspectiva de saneamento como de mellora dos espazos comúns.
- Ampliar o concepto de humanización para que acade espazos máis alá do casco urbano, barrios e parroquias e se achegue á preservación do noso entorno natural.
- Neste senso, a dotación de zonas verdes e a recuperación dos humedais e do litoral xoga un papel fundamental.
- Vigo necesita de máis espazos verdes acordes coa biosensibilidade da nosa sociedade.
- Cada barrio e parroquia de Vigo contará cun parque para maiores. Un espazo interpretado como punto de encontro da vida saudable e do coñecemento e respecto polo medio ambiente.

- Todas estas actuacións teñen un denominador común: conciliar a nosa memoria co desenvolvemento e a transformación que está a experimentar a cidade.
- A Panificadora é un exemplo paradigmático deste enunciado. Por este motivo reiteramos a nosa intención de recuperar este espazo arquitectónico singular da cidade para convertelo na sede da Biblioteca do Estado comprometida xa polo Ministerio de Educación do Goberno de España.

O Vigo da igualdade

Somos unha cidade moderna que fai da igualdade a súa particular bandeira. Igualdade de oportunidades, tanto por criterios de xénero como de condición socioeconómica. Pero tamén igualdade, en termos de vertebración territorial.

Unha cidade na que as viguesas e os vigueses teñen as mesmas oportunidades ao marxe de que vivan no casco urbano ou nos barrios e parroquias. Unha cidade onde todos os nenos e nenas poden acceder a bolsas para estudar no estranxeiro ou acudir a un comedor escolar.

Unha cidade que nos últimos catro anos decidiu afastarse dun modelo de centralizade que privilexiaba a uns fronte a outros. Por primeira vez, acadamos o berce democrático que defende que Vigo, por igual, é de todas e todos nós.

Muller

Transcorrerón catro anos desde a publicación da Lei para a Igualdade efectiva entre homes e mulleres. O inequívoco compromiso do Partido Socialista coa igualdade demostrase día a día en todos os ámbitos nos que goberna. Os pasos que se deron cara a igualdade van na boa dirección e non teñen marcha atrás. Os socialistas temos o firme propósito de axudar a que se consoliden.

Cremos que, a nivel local, é preciso contar con todas as asociacións de mulleres para facer políticas de igualdade.

En varios concellos galegos, tamén en Vigo, acábbase de firmar un convenio co Ministerio para a incorporación da Policía Local ao sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero. Consideramos este convenio de máxima utilidade, a fin de atender mellor ás vítimas de malos tratos e evitar novas agresións. Ninguén dubida de que a violencia de xénero é a cara máis cruel da desigualdade que aínda subsiste na nosa sociedade.

Obxectivos

Reforzar os servizos municipais de atención, información e asesoramento ás mulleres, particularmente o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

Lograr que a igualdade atravesese a acción de todas e cada unha das concellerías. Un dos exemplos máis cristalinos da necesidade de transversalidade.

Queremos favorecer a participación das mulleres, para que a sociedade aproveite o seu talento, a súa autonomía, a súa formación. Así que, todas as concellerías, non só igualdade, van traballar cara a mesma meta.

Medidas

- Mellorar a formación, o apoio ás emprendedoras, o fomento do cooperativismo, etc.
- Plan integral de emprego para mulleres desempregadas. Axudas á empregabilidade e para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.
- Programa de incentivos a empresas para a contratación de mulleres desempregadas con cargas.
- Fomentarse o traballo con todas as organizacións que traballan pola igualdade efectiva de homes e mulleres e se reforzará a atención e outros apoios sociais ás mulleres en situación de vulnerabilidade: emigrantes, vítimas de violencia de xénero, vítimas de trata, etc.
- Impulsar políticas de igualdade que poidamos desenvolver para conseguir unha mellor calidade de vida para toda a sociedade, principalmente o colectivo feminino, que segue a ser o máis discriminado, derivando moitas veces en exclusión social, xerando problemas laborais e económicos.
- Crearase unha rede de garderías en colaboración con empresas e asociacións veciñais e culturais para poder compatibilizar a vida laboral coa atención ás nenas e nenos, xerando ademais máis postos de traballo.
- Fomentaranse políticas de formación dirixidas ás mulleres, principalmente a aquelas que están marxinadas ou que sofren algunha discapacidade, para que poidan acceder con máis facilidade ao mercado laboral.
- Impulsaranse políticas educativas nos centros de estudos onde os nenos e nenas se sensibilicen da problemática da violencia e nun futuro poder erradicala.
- Fomentarse a formación e facilitarase a inserción laboral de mulleres vítimas da violencia de xénero ou menores que vivan directa ou indirectamente dentro da súa unidade familiar situacións de violencia de xénero.
- Crearemos plans estratéxicos municipais contra a violencia de xénero, onde estean implicadas todas as áreas municipais, movementos sociais, axentes sociais e económicos e as forzas de seguridade municipais. De tal xeito, que se establezan de forma coordinada protocolos de detección, actuación e acollida, atención e inserción en itinerario personalizado de mulleres afectadas pola violencia de xénero e o seu círculo familiar máis próximo.

- Promoverase a formación en igualdade e feminismo ofrecendo cursos, obradoiros e conferencias, onde favoreceremos a presenza de persoas con formación e experiencia acreditada no tema.

Xuventude

A nosa mocidade é un activo estratéxico do noso tecido social. E aínda o é máis agora, na actual situación de cambios de paradigmas propiciados pola crise económica.

Os brotes de xenofobia e racismo que se están a producir en diferentes partes de Europa poñen de manifesto a necesidade de reforzar a nosa aposta por unha formación en valores que garanta o equilibrio social e mesmo ético da nosa sociedade.

Obxectivo

Desenvolver medidas que contribúan a unha inclusión social e laboral da nosa mocidade dun xeito non traumático e que velen pola consolidación de valores democráticos como xustiza, igualdade e solidariedade.

Medidas

- Programa de emprego para mozos Impulsa Mocidade. Posta en marcha de Seminarios de Asesoramento profesional para orientar o futuro laboral, marcar itinerarios laborais ou complementar formación. Prácticas en empresas.
- Potenciar o número de emprendedores entre alumn@s universitari@s coa promoción de proxectos de prácticas laborais enfocadas á actividade autónoma, poñendo a súa disposición todo tipo de ferramentas no viveiro de empresas.
- Programa de bolsas para mozos estudantes.
- Elaboraremos programas de reinserción laboral, enfocados a loitar contra a exclusión social xuvenil, incluíndo políticas activas de emprego así como programas de formación para facilitar a súa integración.
- Creación dun parque de vivendas en aluguer especialmente destinado aos mozos.
- Atención específica para mozos con discapacidades físicas ou psíquicas.
- Potenciarase servizo nocturno do transporte público, que permita que os mozos da cidade poidan desprazarse ata as zonas de lecer nocturno sen necesidade de empregar o vehículo privado.

Maiores

A chegada á vellez implica unha serie de cambios vitais que van máis alá do mero feito de cumprir anos. Acontecementos como o abandono do fogar por parte dos fillos ou o falecemento do cónxuxe teñen como consecuencia, entre outras, que moitas das persoas maiores deixen de vivir en familia para facelo soas. Adaptarse a esta nova vida non é tarefa fácil e depende dos recursos persoais, familiares e sociais das persoas maiores.

Obxectivos

Mellorar a calidade de vida das persoas maiores, preservando a súa interacción familiar e social.

Medidas

- Reforzo dos servizos sanitarios para os maiores. Defensa dun hospital público que garanta a atención de balde e medicamentos de calidade (non xenéricos).
- Novos centros de saúde de atención primaria.
- Vivendas municipais de aluguer a prezos reducidos para persoas maiores con autonomía.
- Construción de novos parques para maiores, un en cada barrio.
- Instalación de máis bancos e completar a humanización das rúas.

Discapacitados

A sociedade ten a obriga de facer posible que as persoas con algunha discapacidade acaden o seu máximo desenvolvemento e que poidan vivir en liberdade.

É preciso dotar ás persoas con discapacidade e as súas familias de compensacións económicas, axudas técnicas, sanitarias, e educativas de maneira que poidan acadar unha axeitada calidade de vida.

Obxectivos

Coordinar todas as áreas de goberno para a atención plena á discapacidade: sanidade, servizos sociais, educación, urbanismo, etc. Conseguir o máximo desenvolvemento posible e a integración social, laboral, política, etc. das persoas con algunha discapacidade e facer posible o concepto de “vida independente” para as persoas con algunha dependencia.

Medidas

- Continuar traballando na mellora da accesibilidade para eliminar todas aquelas barreiras arquitectónicas aínda existentes xa sexa no ámbito público ou privado.
- Fomento da concienciación e da sensibilización sobre as dificultades que supón a non adaptación dos nosos municipios para as persoas con discapacidade. A erradicación de estereotipos, o fomento da autoestima e a participación en igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade.
- Incentivaremos a realización de cursos de linguaxe de signos desde a idade escolar.
- Todos os elementos electrónicos, de proceso de información e demais ferramentas propias da sociedade da información que se adquiran por parte do Concello, ou o funcionamento de programas ou servizos electrónicos ou dixitais, incluíndo páxinas web, deberán ser accesibles para persoas con calquera tipo de discapacidade.
- Promoción do deporte en persoas con discapacidade.

Inmigración

A nosa sociedade é cada día máis aberta, máis flexible e máis libre e temos que continuar traballando para que a ningún lle custe incorporarse en igualdade de oportunidades á mesma.

Queremos seguir construíndo o Vigo igualitario, unha cidade na que todos os seus habitantes poidan aproveitar as oportunidades que ofrece o Estado do Benestar. A diversidade é una realidade que debemos xestionar con normalidade. Debemos traballar coa cidadanía, atendendo as súas necesidades e demandas particulares para promover a integración dos inmigrantes.

Obxectivos

Lograr a integración dos inmigrantes implusando a súa participación na vida da cidade e mellorando a información e sensibilización da poboación sobre esta nova realidade social.

Medidas

- Reforzar a Oficina de Migración do Concello para garantir a eficacia e a coordinación das políticas neste ámbito.
- Actuaremos de xeito transversal en todas as políticas para atender ás necesidades multidisciplinares da poboación inmigrante.
- Favoreceremos a mediación cultural para potenciar a convivencia, proporcionando orientación socio laboral e xurídica necesaria para a integración.
- Impulsaremos accións de sensibilización e formación sobre inmigración e convivencia.

O Vigo das grandes infraestruturas

O período 2007- 2011 ten sido, en termos de infraestruturas, o máis importante da nosa historia como cidade. O auditorio, a chegada da Alta Velocidade a Vigo, a estación do AVE, a ampliación do aeroporto ou a depuradora son exemplos tanxibles do realizado. Pero o máis importante está por vir.

Durante o período 2011-2015, estas obras, e outras igualmente estratéxicas (ampliación da Ponte de Rande), deben ser supervisadas e xestionadas para que coa súa entrada en funcionamento contribúan non só a mellorar a comunicación da nosa cidade co mundo senón tamén ao seu desenvolvemento social e económico.

Obxectivos

Xunto coa transformación experimentada pola fisonomía da nosa cidade, o período 2007-2011 tamén pasará á historia como o momento no que Vigo viu satisfeita a súa débeda histórica no plano das grandes infraestruturas.

Agora cómpre garantir o seu axeitado desenvolvemento e execución ao tempo que se traballa para evitar as intencións desmanteladoras da Dereita en iniciativas tan vitais para o desenvolvemento socioeconómico de Vigo como o AVE, o Aeroporto o Auditorio ou a Autopista do Mar.

Medidas

AVE

- A Alta Velocidade xa non é unha reivindicación senón unha realidade coa que temos que traballar para garantir a conexión directa Vigo-Madrid xa comprometida formalmente polo Ministerio de Fomento do Goberno de España.
- As diversas voces que, desde a dereita, teñen cuestionado este proxecto son un claro aviso do traballo que queda por diante.
- E preciso velar, máis que nunca, polo proxecto. A boa disposición do Goberno de España, a través do Ministerio de Fomento, é inversamente proporcional á sensibilidade dunha Dereita que xa ten cualificado este proxecto como un despilfarro.
- O PP recupera o discurso do 2002 cando decidiu en Madrid e en Santiago que Vigo non tiña dereito a un conexión directa con Madrid.

- No 2007, os socialistas, da man de Abel Caballero, fixemos desta reivindicación un eixo clave de campaña. No 2011, a loita non pasa por acadar este logro. Xa está conseguido. Agora cómpre vixiar máis de cerca que nunca á Dereita para evitar que, apelando a axustes orzamentarios, queiran deixar novamente a nosa cidade fora de xogo.
- No desenvolvemento deste proxecto, a nova Estación do AVE representa unha modificación radical do xeito que historicamente se viñan interpretando a entrada de grandes infraestruturas na nosa cidade.
- O proxecto de Thom Mayne é unha resposta de vangarda tanto no arquitectónico como no ambiental pasando pola óptima capacidade de uso que representa.
- A Nova Estación do Ave modificará por completo a paisaxe da entrada a Vigo desde o norte pero tamén será un foco de dinamización económica.

Aeroporto

- O Aeroporto de Vigo é outra das infraestruturas que teñen experimentado cambios substanciais nos últimos catro anos.
- Como acontece co AVE, as obras e os seus resultados serán visibles en termos socioeconómicos no período 2011- 2015.
- A nova terminal e o novo aparcadoiro permitirán que o volume de viaxeiros a partir de 2014 se achegue aos 3 millóns, que terán unha repercusión en termos de creación de emprego superior ás 12.000 persoas.
- Para acadar este obxectivo, os socialistas seguiremos defendendo a creación de novas rutas semellantes á de Vigo-Londres inaugurada hai unhas semanas.
- Como acontece co AVE, o reto dos vindeiros catro anos pasa por evitar que a Dereita consume o seu desexo de deixar a Vigo sen voos estratéxicos para beneficiar aos aeroportos de Santiago e A Coruña.
- O Aeroporto de Vigo ten que desempeñar un papel fundamental na recuperación económica da nosa cidade. É vital blindar a súa capacidade operativa de calquera manobra da Xunta do PP.

Auditorio

- O Auditorio de Vigo abre un novo horizonte para a nosa cidade no eido do denominado turismo congresual.
- Por iso é preciso que o interpretemos como unha infraestrutura cultural de vital importancia e como un novo motor económico da cidade.
- Nesta última perspectiva, as nosas estimacións sinalan que a actividade congresual do Auditorio xerará preto de 22.000 visitantes que se traducirán nuns ingresos para o tecido económico da cidade de máis de 18 millóns de euros anuais.

Autopista do Mar

- A actividade industrial de Vigo é clave para a creación de novo emprego e consolidación do xa existente.
- Neste contexto, a Autopista do Mar é fundamental para o desenvolvemento da nosa actividade produtiva.
- Por este motivo cómpre recuperar o tempo perdido por Corina Porro ao fronte do Porto de Vigo.
- Unha xestión negligente que xa ten as súas primeiras consecuencias económicas: a UE ven de conceder, acordo co nivel de execución do proxecto, máis de 5 millóns a Autopista do Mar de Santander mentres que a de Vigo apenas recibe 1 millón.
- Por este motivo, os socialistas queremos establecer sistemas de traballo que coordinen os esforzos do Concello e do Porto para recuperar o tempo perdido nos últimos dous anos.

Ampliación da ponte de Rande

- A ponte de Rande constitúe un nó estratéxico das nosas comunicacións. Poren, o volume de tráfico -ata 70.000 vehículos diarios- que o percorre a diario evidencia a tensión que, en termos loxísticos, está a sufrir.
- A ponte de Rande precisa dunha ampliación e así o ten comprometido xa o Ministerio de Fomento no expediente de información pública do proxecto publicado no Boletín Oficial do Estado o pasado 23 de febreiro.

- Esta ampliación incrementará nun carril -de 3,5 metros de ancho- por cada sentido a actual ponte, de xeito que se contén con tres carrís de entrada cara a Vigo e tres de saída cara a Pontevedra.
- Esta ampliación, que terá unha lonxitude de 705 metros, verase complementada por viadutos de acceso de 750 metros e 110 metros de lonxitude, nas zonas sur e norte de acceso á ponte, respectivamente.
- Esta actuación evitará os trastornos que ata o de agora vimos sufrindo cada vez que un dos dous carrís habilitados por vía ten que ser pechado por causas técnicas ou polos accidentes de tráfico.

Autovía Vigo - Pontevedra

- A conexión Vigo-Pontevedra por estrada precisa dunha alternativa de alta capacidade e libre de peaxe.
- Por este motivo, a Autovía Vigo-Pontevedra é outra infraestrutura básica que se ten que acometer sen dilación.
- E novamente, así está disposto polo Ministerio de Fomento do Goberno de España, que o pasado mes de xaneiro aprobou e sacou á información pública o seu trazado.
- Esta obra, que se desenvolverá no período 2011- 2015 conta cun orzamento de 427 millóns de euros que servirán para construír 30 quilómetros de autovía que inclúen 17 viadutos e un túnel que discorre baixo o aeroporto de Vigo dunha lonxitude de máis de 600 metros.

O Vigo dos servizos públicos e a política social

A Dereita quere aproveitar a saída da crise para dismantelar a excelente rede de servizos públicos que caracterizan a nosa sociedade. Co falso reclamo dun modelo económico, baseado novamente no pelotazo e na especulación, cuestionan principios básicos como a sanidade e a educación pública. De feito xa o están facendo co novo hospital de Vigo.

O noso compromiso é unha defensa total destes principios básicos e complementalos co desenvolvemento dun marco de protección social para todas aquelas persoas e familias que viven situacións límites debido á crise económica e as súas consecuencias. As axudas que a Dereita empeza a regatear a nivel autonómico deben ser compensadas a nivel local. Queremos gobernar unha cidade que facilite un teito para durmir a todos aqueles que non o teñen e na que todo o mundo teña garantidos sistemas de inclusión social.

Educación

As transformacións sociais, económicas e culturais experimentadas pola nosa sociedade na última década presentan novos desafíos. Consideramos que a mellora do sistema educativo pasa por ofrecer unha educación de calidade que asuma o compromiso de elevar o nivel de formación de todo o alumnado, independentemente da súa orixe social ou procedencia.

Entendemos a educación como un investimento de futuro. Un servizo básico que precisa do reforzamento do papel dos centros públicos como rede vertebradora da oferta educativa. Por iso potenciaremos a súa autonomía.

Obxectivos

Procurar un sistema público de ensino, democrático, laico e de calidade, por entender que pode e debe garantir o dereito básico á educación para todas e todos en condicións de igualdade, educando nun proxecto común de cidadanía, participación e convivencia con total respecto á liberdade de conciencia, de crenzas e diversidade cultural.

Impulsar a participación e a cooperación de todos os sectores implicados coa actividade educativa.

Impulsar a innovación educativa, pedagóxica e científica, facendo fincapé na potenciación do uso das Novas Tecnoloxías.

Diminuír a porcentaxe de abandono escolar prematuro facendo fincapé na prevención.

Medidas

- Investir 30 millóns de euros na mellora dos centros de ensino público.
- Bolsas de inglés xeneralizadas e incrementar o desenvolvemento do Proxecto Aulas Internacionais.
- Ampliación da Escola Oficial de Idiomas.
- Seguir ampliando a Rede Municipal de Escolas Infantís de cero a tres anos.
- Prestar especial atención á integración real e en igualdade de condicións aos alumnos con discapacidade intelectual e física.
- Bibliotecas nos barrios e parroquias.
- Creación da Biblioteca do Estado nas instalacións da antiga panificadora da cidade.
- Potenciación da colaboración entre a Formación Profesional e as empresas.

Universidade

O papel da Universidade é clave para a cidade de Vigo tanto polo seu carácter de ensino superior, de aprendizaxe e de formación de calidade, como por ser un instrumento co que acadar a igualdade de oportunidades entre os cidadáns da nosa cidade e da súa área metropolitana.

Esta importancia da Universidade complétase coa importancia que a formación de calidade e as actividades de Investigación. Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (I+D+I) teñen para o progreso social e económico. Neste sentido hai que aproveitar a existencia dunha xeración ben formada e que pode acceder ao mercado laboral para desenvolver as súas competencias. Ao mesmo tempo, hai que aproveitar as sinerxias que se poden xerar desde o Concello para colocar á Universidade no centro da actividade cultural, docente e investigadora.

O papel dinamizador da Universidade vese reforzado pola recente consecución do Campus de Excelencia Internacional “Campus Mar” e pola intensificación das actividades internacionais da nosa institución académica que farán da nosa cidade un punto de encontro e de traballo de docentes e investigadores nacionais e estranxeiros que convivirán con estudantes de Vigo, doutras partes do Estado e do resto do mundo.

Apostamos polo desenvolvemento e consolidación dunha universidade activa, creativa, moderna e implicada coa sociedade, capaz de formar excelentes profesionais e de facer transferencia de coñecemento ao sector produtivo.

Obxectivo

Desenvolver as políticas precisas tanto no ámbito social como no económico para a consecución dunha universidade de calidade.

Conseguir a integración no mercado laboral dos estudantes nas empresas vinculadas ás titulacións universitarias de Vigo.

Atraer á nosa cidade empresas de base tecnolóxica e innovadora que contribúan á xeración e mantemento de postos de traballo.

Conseguir unha implicación máis activa da universidade na nosa cidade en ámbitos como a formación, a capacitación, a transferencia de coñecemento, o voluntariado e a presenza na cidade.

Recoñecemento cidadán dos estudantes, docentes e investigadores que acaden resultados de calidade.

Apoio ao proceso de internacionalización da universidade e da implantación das titulacións no Espazo Europeo de Educación Superior.

Medidas

- Apoio aos proxectos universitarios de I+D.
- Promoción da inserción laboral dos universitarios a través dun programa de promoción de bolsas de prácticas pre-profesionais para os estudantes universitarios vigueses, dun programa de prácticas profesionais para os recién titulados en graos universitarios.
- Apoiar as ideas innovadoras para o exercicio dunha actividade empresarial, industrial, comercial ou doutra índole.
- Prestar apoio administrativo e económico ás spin-off e spin-out universitarias e a outras ideas emprendedoras.
- Defender as titulacións existentes na Universidade de Vigo e dos novos graos universitarios implantados na transición ao Espazo Europeo da Educación Superior.

- Promover os estudos universitarios para a formación e capacitación dos cidadáns de Vigo e a súa Área Metropolitana.
- Apertura da sede da UNED, centro único en España que fará de Vigo un referente da educación universitaria española a distancia para o continente americano.
- Colaborar activamente cos programas de posgrao e de doutoramento implantados na Universidade de Vigo e cos que se implanten no novo período 2011-2015.
- Intensificar as relacións coa Universidade, cos seus docentes, investigadores e estudantes para favorecer a interrelación cos demais axentes económicos e sociais.
- Promover a inserción laboral dos universitarios vigueses nas empresas de Vigo e da súa área metropolitana.
- Colaborar coa universidade na realización de actividades de voluntariado social, cultural e deportivo.
- Apoiar o deporte universitario e a súa implantación na cidade e a celebración de grandes acontecementos deportivos universitarios organizados na cidade de Vigo.

Sanidade

Os socialistas concibimos a sanidade como a integración de tres ámbitos fundamentais relacionados coa saúde dos cidadáns: política de saúde, saúde pública e servizos sanitarios.

O feito de que os Concellos non teñan competencias en aspectos da saúde pública e, sobre todo, na xestión dos servizos sanitarios, competencia case exclusiva do goberno da Xunta de Galicia, non pode ser un impedimento para que o Concello de Vigo poida exercer as funcións de representación, participación e tutelas dos dereitos e deberes dos vigueses na súa relación co sistema sanitario.

Hoxe os valores do noso sistema sanitario, pilar do noso Estado de Benestar, están ameazados pola política sanitaria de Xunta de Feijóo que en Vigo adquire a súa máxima expresión coa imposición, por riba do clamor dos cidadáns, dun novo hospital que será privado.

Se a isto lle engadimos a paralización da atención primaria, da construción dos centros de saúde planificados, a opacidade das listas de espera e a eliminación das consultas de xinecoloxía preventiva, a situación da sanidade en Vigo non pode ser peor.

A promoción da saúde é a mellor ferramenta para garantir á cidadanía unha calidade de vida para hoxe e para o futuro. Do mesmo modo, o sistema público de saúde contribúe de forma importante á política de redistribución da riqueza, xerando emprego e promovendo a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico.

O coidado da saúde é un dereito esencial, e por isto consideramos que a súa defensa é un dos mellores instrumentos de solidariedade, cohesión social e seguridade para as persoas.

Obxectivos

Defender o acceso a un servizo público de saúde, universal e de calidade como garantía de equidade e solidariedade.

Fortalecer ademais a colaboración coa administración e outras institucións para favorecer a implantación de programas de hábitos de vida saudable, para contribuír a mellorar o nivel de saúde da poboación, fomentar o autocoidado e a corresponsabilidade da saúde.

Medidas

- Defender a necesidade de que Vigo conte cun gran hospital público e con centros de atención primaria de referencia na cidade e garantir a receita de medicamentos de calidade.
- Liderar e promover todo tipo de actuacións que impidan a privatización e progresivo desmantelamento da sanidade pública viguesa.
- Establecer instrumentos administrativos e legais que permitan que os cidadáns de Vigo poidan expresar, en liberdade, a súas queixas e suxestións sobre o funcionamento da sanidade pública viguesa.
- Promoveremos a mellora dos servizos asistenciais, centrando a xestión na calidade, o incremento da atención domiciliaria e a mellora do acceso aos servizos e equipamentos máis demandados polos cidadáns.
- Continuaremos dedicando atención ó envellecemento san; abordando as necesidades das persoas maiores relacionadas coa saúde, a atención sanitaria, a calidade de vida, con especial fincapé nunha vida activa e independente.
- Impulsaremos a participación cidadá, mediante a incorporación das asociacións sociais, ambientais e económicas, representativas dos cidadáns nos órganos de decisión dos servizos municipais e na difusión dos resultados da xestión.
- Fomentaremos os foros e plataformas sociais que busquen xerar confianza e corresponsabilidade na cidadanía, fomentando o uso responsable dos recursos.

Política social

A nosa proposta é facer unha sociedade de benestar avanzada, unha sociedade onde todos os vigueses e viguesas teñan dereito ao benestar, propoñendo unha maneira de entender o benestar baseado no exercicio dos valores de liberdade, igualdade e solidariedade.

As políticas sociais que demanda a sociedade na actualidade, deben prever as situacións de marxinação e as súas causas, así como propiciar a integración e participación no medio social das persoas ou grupos máis desfavorecidos.

Obxectivo

Traballar para que as persoas e familias viguesas en situación de exclusión social logren adquirir as habilidades necesarias para evitar a súa vulnerabilidade, posibilitando o acceso ao emprego e a realización dunha vida o máis normalizada posible.

Medidas

- Reforzar o funcionamento do Centro de Acollida co desenvolvemento dun Programa de inclusión social que traballe coas persoas que acoden ao centro fomentando a súa participación no mercado laboral e loitando contra a pobreza e a exclusión.
- Atención ás urxencias sociais. Reforzo da atención de situacións de urxencias e emerxencias de carácter individual, familiar e social, co obxecto de prestar unha atención inmediata mediante a intervención de profesionais do Traballo Social, aplicando os recursos sociais existentes.

Familia

A familia, ademais de seguir sendo un dos piares básicos da estrutura social, é a catalizadora de moitos dos cambios que está a experimentar a vida cotiá na nosa sociedade.

Asemade, calquera problema relacionado coa infancia ou a mocidade ten unha conexión directa coa familia de referencia.

Obxectivo

Desenvolver políticas activas para axudar ás familias na súa vida cotiá. Cómpre preservar o papel que as familias desempeñan como base da nosa sociedade aportando colaboracións reais e concretas nos ámbitos económicos e sociais. Apoiar ás familias con fillos en idade escolar para a conciliación entre a súa vida laboral e persoal.

Medidas

- Conciliación da vida familiar e laboral. Construción dunha rede de garderías en colaboración con empresas e asociacións veciñais e culturais.
- Axudas municipais para garderías matinais (servizo madrugadores).
- Potenciar unha política de vivenda baseada na promoción pública e na protección oficial e na promoción do aluguer.
- Taxa cero para a primeira ocupación de vivenda.

Cultura

Nun momento no que todos os parámetros imperantes parecen vencellados ás capacidades competitivas é sumamente importante lembrar o papel da cultura no noso desenvolvemento como individuos e como sociedade.

Obxectivos

Os socialistas defendemos a necesidade de potenciar as infraestruturas que permitan o acceso universal á cultura como ferramentas de mellora obxectiva da calidade de vida da nosa cidade.

Medidas

- Potenciar o Auditorio Mar de Vigo como espazo referente para a promoción da cultura.
- Traballaremos para acelerar a construción da Biblioteca do Estado na Panificadora.
- Apostaremos pola apertura de bibliotecas de zona e salas de lectura para facilitar o acceso á cultura a todos os vigueses e viguesas
- Consolidar as dotacións culturais existentes na cidade dotándoas de contido de calidade.
- Consideramos imprescindible favorecer o encontro entre cultura e educación, impulsando programas de alto valor formativo.
- Considerando a cultura como un dos grandes sectores económicos do futuro inmediato, faise imprescindible facer unha programación cultural de calidade como elemento de formación, participación e cohesión social da sociedade viguesa.
- Apostaremos por un modelo que teña en conta as necesidades, gustos e criterios da mocidade á hora de programar a oferta cultural.
- Estableceremos medidas de apoio e promoción dos artistas noveis do campo da música e o teatro.
- Xornadas Noites Brancas: Museos abertos de balde, programación cultural nas rúas, actividades de ocio alternativo.

- Creación de festivais urbanos de arte na rúa así como exposicións ao aire libre de produción artística.

Deporte

A práctica deportiva é un elemento de desenvolvemento persoal, de xeración de saúde e benestar persoal, un complemento á educación dos nenos e nenas e un factor que aporta saúde física e mental.

Desde a concepción de que o deporte é tamén un indicador do benestar dunha cidade, en tanto que actividade na que participa unha grande parte da cidadanía de todas as idades, queremos apostar polo seu fomento e desenvolvemento.

Obxectivos

Ampliar o abano de especialidades, a mellora dos equipamentos deportivos, a descentralización destes equipamentos, o impulso ao deporte na rúa e a integración dos cidadáns, de todas as idades, na práctica deportiva.

Medidas

- Apoio aos equipos locais para competir nas categorías e deportes máis importantes. Vigo ten que ser unha cidade de primeira no deporte cos seus equipos máis representativos xogando nas mellores ligas do mundo.
- Impluso dos deportes de base para menores (dinámicas de grupo, educación en valores, aire libre, manualidades, xogos de deportes, obradoiro de ritmo e baile, etc.).
- Programación de actividades relacionadas coa natureza.
- Práctica deportiva para todos os sectores e grupos de idade.
- Actividades extraescolares.
- Potenciar o deporte como actividade de lecer, saúde e benestar.
- Utilización do deporte como reclamo turístico e dinamizador da economía da cidade.
- Promoción do deporte escolar.
- Rehabilitación de instalacións públicas.

- Organización de marchas sendeiristas e cicloturistas por Vigo. Saídas para a práctica del deporte cultural e sostible. Práctica deportiva en grupo e en familia.
- Fomento do deporte familiar e novas prácticas.
- Carril – bici.
- Incentivar a atención e relacións cos clubs e asociacións deportivas da cidade para crear novas formas de colaboración e expor estratexias e accións encamiñadas a fomentar la relación da cidade con estes colectivos.

O Vigo da Economía

Interpretamos Vigo como unha cidade chamada a reforzar o seu liderato económico nos vindeiros anos. É preciso axudar, con todas as nosas forzas, aos sectores que tradicionalmente nos teñen defendido como potencia industrial: automoción, construción, naval, pedra natural... Pero tamén é preciso fortalecer as nosas capacidades de desenvolvemento económico coa implantación de novas liñas de traballo.

O Auditorio, reforza exponencialmente as nosas capacidades para a explotación do turismo de congresos. E proxectos como o Campus do Mar poñen de manifesto as oportunidades que albergan os modelos de colaboración entre a Administración, a Universidade e as empresas en torno á tecnoloxía e á I+D+i.

Obxectivo

O concello de Vigo seguirá a ser un elemento fundamental para a creación de postos de traballo, pois pese a non ter competencias directas nesta cuestión -xa que as políticas activas de emprego corresponden fundamentalmente á Xunta de Galicia-, utilizaranse todos aqueles mecanismos de que dispoñemos cara o obxectivo fundamental de crear emprego.

A prioridade do Partido Socialista para crear emprego é impulsar a actividade económica xeral da cidade de Vigo e da súa área metropolitana, de xeito que non só se consiga a necesaria fonte de ingresos para as familias senón que tamén se acaden cotas de benestar social para os traballadores e traballadoras e para o resto da cidadanía. Esta é unha obriga dos poderes públicos e, polo tanto do Concello de Vigo, e que o goberno socialista toma como principal obriga nesta fase do ciclo económico.

Nesta mesma liña, tamén formará parte dos obxectivos a consolidación dos postos de traballo xa existentes, así como o mantemento do tecido produtivo dos sectores primario, secundario e terciario na nosa cidade, continuando coa tarefa destes catro anos na que se fixo unha aposta clara e decidida pola defensa do emprego en sectores como o pesqueiro, o téxtil, o sector naval, o da automoción, e tantos outros presentes na cidade.

Estas liñas de actuación están incluídas nunha máis ampla que trata de facer de Vigo un lugar idóneo para a actividade económica de traballadores autónomos, de empresas de economía social (Cooperativas, Asociacións, Fundacións,

Sociedades Laborais, Cofradías), sociedades mercantís e por suposto, das persoas asalariadas de todos estes empregadores. A cercanía con Portugal e as inmellorables condicións do noso Porto, da Zona Franca, do novo aeroporto e da inminente chegada do tren de Alta Velocidade fan da nosa cidade un ámbito axeitado para a inversión nacional e estranxeira.

A creación de emprego asociada á inversión pública, ás empresas existentes e de nova creación, así como a propia actividade económica da cidade, e a súa consolidación favorecerá acadar o resultado, a medio e curto prazo, de contar con emprego estable e de calidade.

Do mesmo xeito, debe aproveitarse a potencialidade, que xera para a cidade e o seu ámbito a consecución pola Universidade de Vigo, do Campus de Excelencia Internacional para o Campus do Mar, para facer de Vigo un referente nacional e internacional nas actividades produtivas relacionadas co medio mariño.

Medidas

- Propiciaremos a dinamización económica por medio de iniciativas como a diminución de taxas, a axilización de xestións administrativas e mesmo de baixadas selectivas de impostos.
- Do mesmo xeito fortaleceremos a inversión pública como ferramenta de creación de emprego ao tempo que identificaremos canles de apoio directo a sectores produtivos estratéxicos.
- Incentivar a contratación e a actividade económica xeral da cidade de Vigo, favorecendo a creación de postos de traballo en novos sectores produtivos.
- Facer de Vigo un entorno idóneo para o establecemento de empresas e para o desenvolvemento da actividade económica, de xeito que se favoreza o emprego.
- Promoción das condicións xeográficas, loxísticas e laborais de Vigo para conseguir a implantación de novas empresas.
- Remover os obstáculos administrativos e de toda índole para facilitar a implantación e exercicio de actividades económicas.
- Establecer convenios de colaboración con outros organismos: Administración, Universidade, Empresas e Axentes Sociais (Confederación de Empresarios, Asociación de Mozos Empresarios, Sindicatos, Cámara de Comercio), Zona

Franca...etc.

- Situar a Vigo nunha posición de liderado da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- Favorecer a complementariedade de usos e actividades económicas sostibles na cidade que propicien a diversificación do tecido empresarial. Favorecer a mobilidade en transporte público e os servizos nas áreas da actividade produtiva.
- Impulsar Vigo como un lugar de implantación de inversións locais ou foráneas. Promover Vigo como unha urbe de negocios e o lugar idóneo para a implantación de actividades empresariais.

Industria

Vigo é unha cidade industrial que medra desde o mar. O discurso de cidade industrial contra cidade servizos está superada. Vigo é un exemplo claro de como todas as actividades económicas poder convir e mesmo xerar sinerxias.

Os socialistas defendemos a pervivencia do tecido produtivo porque segue a ser o que propicia máis emprego de maneira non estacional.

Obxectivos

Promover novas actividades económicas: empresas tecnolóxicas, empresas de enerxías renovables, empresas de economía social, spin-off, empresas innovadoras, empresas en proceso de internacionalización...

Fortalecemento da actividade económica derivada do sector turístico do noso entorno, das nosas festas e da nosa gastronomía, así como o derivado das novas rutas aéreas, dos cruceiros e da chegada do AVE.

Fortalecemento do turismo de congresos, aproveitando as potencialidades das infraestruturas xa existentes e do novo Auditorio "Mar de Vigo".

Actuar como interlocutores cualificados cos axentes económicos e sociais para consensuar políticas e actuacións.

Conseguir o apoio económico para novas actuacións industriais e comerciais.

Favorecer a creación e a utilización do solo industrial e de servizos, así como a potenciación do uso de espazos existentes.

Medidas

- Axudas directas aos sectores estratéxicos (automoción, naval) para o mantemento da actividade.
- Apoio á creación de solo industrial e á información sobre a ubicación e requisitos para a disposición de terreos para iniciar ou ampliar o exercicio da actividade económica.
- Creación de viveiros de empresas e de espazos precisos para o inicio dunha actividade económica.
- Fomento da creación e implantación de empresas de economía social que satisfagan a demanda existente en ámbitos como a inserción laboral e social ou a dependencia.
- Fomento da creación de empresas de base tecnolóxica, de enerxías alternativas, de novos produtos, spin-off universitarias, de novos talentos, de actividade internacionalizadora.
- Creación dun programa de axuda á rehabilitación que permita canalizar a man de obra do sector da construción e as vendas dos fabricantes á rehabilitación de edificios, así como a construción de vivenda protexida.

Comercio

A actividade comercial é un bo indicador do progreso dun país e da calidade de vida das persoas. Polo tanto é preciso o seguimento da súa evolución, por mor das consecuencias que se derivan no ámbito social e económico, xa que esta actividade, inmersa na economía globalizada, está experimentando grandes transformacións na súa estrutura, coa aparición de novos formatos e novos hábitos de compra, que poñen en perigo o comercio tradicional.

Obxectivos

Abordar o comercio, desde a concertación coas partes afectadas, nun diálogo estable e permanente con todos os axentes comerciais, as asociacións de empresarios e cámaras de comercio, os axentes sociais como base de toda actuación.

Avanzar cara un modelo de comercio, moderno, profesionalizado, competitivo, con redes de cooperación intercomercial, respectuoso cos dereitos dos consumidores e coas condicións de competencia.

Medidas

- Axudas directas para o mantemento da actividade comercial.
- Apoiar ao pequeno comercio para mellorar a formación dos profesionais, mellorar a difusión e promoción dos mesmos, levar adiante programas de calidade e mellorar a competitividade do pequeno comercio diante das demandas que consumidores e usuarios esixen na actualidade.
- Redución dun 10% da taxa de lixo para comerciantes e particulares.
- Taxa cero para a instalación de terrazas e licenza de actividade.
- Melloraremos a sinalización das zonas comerciais
- Axudas directas a empresas para contratación
- Redución de impostos entre 50-75% para a instalación de empresas de carácter estratéxico.
- Fondo de investimento e de creación de emprego.
- Creación da figura do asesor personalizado de empresas. Xanela única.

Turismo

Vigo e a súa área constitúe un entorno privilexiado para o turismo. O seu enclave xeográfico nunha das rías galegas máis grandes, a climatoloxía favorable, a gastronomía de calidade, a variedade de festas e o encanto dunha das mellores praias do mundo fai da nosa cidade un atractivo polo turístico.

A estas condicións hai que sumar outros factores que tamén inciden no turismo. En primeiro lugar, a culminación da obra do Auditorio “Mar de Vigo” atraerá a nosa cidade un bo número de actos dos que se deu en chamar “turismo congresual” que, por unha banda, supón a difusión da cidade no mundo e, por outra, a concentración en escasas xornadas dun amplo número de persoas que queren satisfacer unha necesidade de coñecer a cidade e o seu entorno e de consumir certos produtos.

En segundo lugar, as humanizacións realizadas contribúen a poñer en valor a historia, a estrutura e as edificacións da nosa cidade en áreas como, por exemplo, o Casco Vello, Bouzas ou a zona centro que moven a curiosos que aproveitan para facer unha viaxe no día, para coñecer o avance da cidade ou estudar edificios tradicionais ou novas construcións (Colexio de Arquitectos, Auditorio, Vigosónico, Campus Universitario, Estación do AVE).

En terceiro lugar, as infraestruturas existentes e, sobre todo, as novas dispoñibles como o novo aeroporto e as novas liñas internacionais, ou o tren de Alta Velocidade (AVE) posicionan a Vigo como destino turístico de primeira magnitude ou como punto de chegada para coñecer as contornas. Estas infraestruturas e a capacidade hoteleira da nosa cidade constitúen un importante activo que debe ser potenciado para atraer novos turistas, novos tránsitos e, incluso, para dar unha alternativa a outros destinos tradicionais dentro de Galicia.

Tamén debe terse en conta que a nosa mellor carta de presentación no resto do Estado, en Europa e no mundo son as nosas empresas e a nosa xente. As visitas de traballo constitúen un importante factor de atracción de turistas de alto poder adquisitivo que queren visitar unha cidade humanizada, con cultura, con tradicións, con impresionantes condicións naturais.

Esta combinación entre natureza, xeografía, gastronomía, modernidade, comunicacións e negocios fai que o peso do turismo no conxunto da sociedade e de economía viguesa sexa moi importante e deba ser promovido desde as instancias públicas.

A transversalidade deste segmento económico fai que teña unha enorme capacidade de influencia noutros sectores como o comercio, os transportes, a industria agroalimentaria, a construción, a cultura, a artesanía, así como nun amplo conxunto de servizos.

Tamén debe terse en conta a conveniencia de planificar accións conxuntas co resto dos concellos da área metropolitana para aproveitar as sinerxias e conseguir un aforro importante no gasto público.

Obxectivos

Poñer en valor as condicións paisaxísticas, xeográficas, construtivas e culturais da cidade para atraer turistas de Galicia, España, Portugal e do resto do mundo.

Dinamizar o turismo en Vigo de todos os residentes no Eixo Atlántico e no chamado Arco Atlántico, aproveitando as conexión portuarias e aeroportuarias internacionais.

Potenciar a Vigo como porto base do turismo náutico-urbano da fachada atlántica.

Facer de Vigo a sede de importantes congresos nacionais e internacionais.

Atraer o turismo de natureza, aproveitando a extraordinaria acollida das actividades de sendeirismo e potenciando as cualidades acuáticas e subacuáticas da Ría.

Medidas

- Colaboración coa Universidade de Vigo na promoción do Campus do Mar para a realización de actividades que favorezan a visita á nosa cidade de investigadores e congresos.
- Potenciar as posibilidades turísticas da ETEA e do seu entorno.
- Potenciar o turismo náutico na nosa ría e as actividades deportivas vinculadas ao mar (submarinismo, vela, remo, ...).
- Potenciar o porto de Vigo como porto base de regatas e actividades turísticas.
- Potenciar os campamentos de verán na nosa cidade e realizar actividades complementarias nos meses de vacacións dos rapaces e durante os períodos non lectivos.

- Promoción e planificación das visitas ás Illas Cíes e ao seu entorno con finalidade turística.
- Organización e difusión das posibilidades culturais de Vigo para cidadáns do resto de Galicia, do Estado e do estranxeiro.
- Promoción de rutas culturais polos museos da cidade.
- Colaboración coas entidades privadas para a realización e difusión de actividades culturais.
- Promoción de eventos culturais e deportivos na nosa cidade.
- Potenciar as posibilidades do Convention & Bussines Bureau.
- Conseguir a utilización do aeroporto de Peinador para canalizar tráfico aéreo internacional e nacional. Novas rutas aéreas.

O Vigo da creación do emprego

Nunha cidade traballadora como Vigo a xeración de emprego constitúe o eixo central da nosa proposta de goberno. Neste reto, o Concello debe optimizar ao máximo as súas capacidades para xerar emprego de modo directo e indirecto. Pero, sobre todo, o que un bo goberno de Vigo debe facer é sentar as bases para consolidar unha cidade cunhas estruturas sociais e económicas, coas infraestruturas axeitadas e a fiscalidade necesaria para que as empresas e emprendedores poidan xerar riqueza.

Obxectivo

Propiciar o entorno socioeconómico preciso para que os sectores económicos e as empresas da cidade recuperen a senda do crecemento e, por extensión, o da creación de emprego.

Medidas

- Establecer un acordo social polo emprego. Pactar cos sindicatos, empresarios e axentes sociais e económicos un pacto polo emprego para coordinar todos os programas e proxectos a desenvolver en materia de políticas activas de emprego, promoción e desenvolvemento económico.
- Creación do Foro do Emprego cos sindicatos e axentes sociais para facer seguimento das necesidades de formación, oferta e demanda do mercado laboral, boas prácticas de contratación, axudas, subvencións, asesoramento, cláusulas sociais na contratación pública, novos xacementos de emprego, formación para a mellora da empregabilidade, etc.
- Establecer convenios cos distintos sectores de actividade co fin de colaborar no fortalecemento da economía viguesa e analizar os distintos aspectos da oferta laboral e o perfil demandado por cada sector co obxectivo de enfocar a formación, capacitación profesional e liñas de axuda.
- Posta en marcha dun centro de incubación empresarial para fomentar a innovación, creación de emprego e polo de atracción de excelencia e de sinerxias de colaboración entre pemes e grandes empresas.
- Observatorio do emprego, estudos e análise do mercado laboral e asesoramento empresarial.

- Xanela única para emprendedores.
- Posta en marcha dunha plataforma de formación online, en colaboración coa Universidade de Vigo para complementar a formación dos desempregados.
- Círculo de emprego. Espazo con ordenadores de uso de balde e con asesoramento para preparar currículos, enviar e responder propostas.
- Creación e coordinación por parte do Concello dunha bolsa de emprego, con oferta e demanda do mercado laboral, en colaboración coas empresas viguesas.
- Programas de formación para a mellora da empregabilidade en novos xacementos de emprego, para desempregados maiores de 45 anos, para mulleres desempregadas, de capacitación tecnolóxica para profesionais e pequenas empresas, para traballadores en situación de ERE en colaboración con Clústeres e asociacións sectoriais e programas para mozos para orientar o seu futuro laboral.
- Desenvolvemento de itinerarios integrais de formación e emprego durante o período formativo e adaptada as necesidades das empresas.
- Potenciar o número de emprendedores entre os alumnos universitarios coa promoción de proxectos de prácticas laborais enfocadas á actividade autónoma, poñendo a súa disposición todo tipo de ferramentas nun viveiro de empresas.
- Favoreceremos a adquisición de experiencia laboral no estranxeiro, complementada co aprendizaxe do idioma.
- Desenvolvemento dun plan de emprego cooperativo e de economía social.
- Programa de axudas municipais á contratación para fomentar novos contratos de persoas que estean en situación de desemprego.
- Programa de incentivos a empresas para a contratación de mulleres desempregadas con cargas.
- Programa de bolsas para estudantes dos últimos anos de carreira para que poidan realizar prácticas na administración pública.

- Para apoiar á creación de actividade empresarial autónomo poremos en marcha unha liña de axudas ás iniciativas empresariais para financiar tanto os trámites de constitución como a inversión inicial.
- Facilitar o acceso a microcréditos para emprendedores.
- Liña de axudas para familias e empresas: aluguer de vivenda protexida, bolsas de inmersión lingüística, bolsas de comedor e libros, taxa cero para a instalación de terrazas, conxelación de impostos e taxas de escolas infantís e centros de maiores, etc.
- Difusión da innovación do tecido produtivo da área metropolitana en colaboración con outras administracións e institucións.
- Creación do mapa de innovación da área, detectando necesidades en cada sector estratéxico e facilitando financiamento para proxectos innovadores.
- Colaboraremos coa Universidade de Vigo e os centros de investigación para facilitar e promover a transferencia de resultados das investigacións ás empresas.
- Acordo de colaboración co Ministerio de Ciencia e Innovación, no marco da Estratexia Estatal de Innovación, co fin de captar fondos para o fomento da innovación en sectores estratéxicos da nosa economía.
- Fortalecemento do fondo de capital risco para a consolidación e creación de empresas de base tecnolóxica e fomento do I+D.
- Cooperación cos empresarios para a xestión de axudas, financiamento e proxectos de internacionalización a través do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI).
- A través do plan de emprego propiciaremos o desenvolvemento de instrumentos de cooperación co goberno galego no contexto do Plan Galego de Investigación e Crecemento 2011-2015.
- Cooperación, colaboración e coordinación das estratexias do Plan coa Universidade de Vigo, Zona Franca, Autoridade Portuaria, Clústeres, etc. para garantir a eficacia e eficiencia dos recursos e dotacións ao servizo dos distintos sectores produtivos.

- Apoio á Cidade Tecnolóxica de Vigo para impulsar a investigación e a transferencia de coñecemento.
- Impulsaremos estratexias para a compra pública innovadora, potenciando a través dos pregos de condicións do desenvolvemento de novas aplicacións e solucións innovadoras por parte das empresas.
- Estableceremos unha colaboración estreita co Campus do Mar poñendo en marcha un paquete de medidas para incentivar a creación de empresas de base tecnolóxica.
- Apoio a proxectos estratéxicos e de vangarda, colaborando con todas as administracións e organismos para desenvolver a investigación en sectores determinantes para a nosa economía.
- Promoción da colaboración co goberno de España para garantir o fomento da competitividade dos sectores estratéxicos para a economía viguesa.
- Axilización dos trámites para a instalación de empresas de carácter estratéxico con importantes exencións fiscais e abaratamento das licencias. Redución dos impostos entre un 50% e un 75%.
- Redución de impostos para pemes e autónomos.
- Asesoramento especializado para a implantación de novas empresas e para facilitar información sobre axudas e incentivos das distintas administracións.
- Creación dun Fondo de Investimento para a creación de emprego, orientado a concesión de créditos a empresas, microempresas e autónomos
- Crearemos un plan de internacionalización para empresas vigesas en coordinación coa Línea ICO e o programa PIPE.
- Continuaremos coa liña de inversión en obra pública, como instrumento de activación da economía.

O Vigo dun entorno sostible

O compromiso coa sostibilidade xa non admite poses senón actitudes concretas e tanxibles. En Vigo, o noso espazo natural está intimamente ligado á Ría e a súa preservación. A presión demográfica non se pode converter, por sistema, nun impacto negativo contra o medio ambiente. As políticas de desenvolvemento sostible concilian de feito, a evolución da nosa sociedade e o respecto polo contorno no que evolucionamos.

Temos resolvido débedas históricas como a construción da depuradora. Agora, como xa quedou reflectido no apartado da transformación da cidade, desenvolveremos un ambicioso proxecto para recuperar o areal de Samil e devolver a Vigo o espazo litoral de praias e paseos marítimos que merece.

Obxectivo

O noso obxectivo é facer de Vigo unha cidade de referencia no que a sensibilidade medioambiental e compromiso coa sustentabilidade atinxe.

Medidas

- Elaboración dun plan de eficiencia enerxética.
- Vigo será a cidade piloto do coche eléctrico.
- Propiciaremos o uso de enerxías renovables no alumado público.
- Supervisaremos a construción e posta en marcha da nova Depuradora de xeito que o resultado se axuste absolutamente as especificacións técnicas orixinais.
- Mellora de recollida de residuos no medio rural que incida no tratamento selectivo.
- Melloras na limpeza e redución da taxa de lixo nun 10% para comerciantes e particulares.
- Procuraremos unha rede integral de paseos marítimos que complete toda a fachada litoral da cidade.
- Recuperación integral dos contornos fluviais.
- Conseguir máis bandeiras azuis para os arenais de Vigo.

- Creación e potenciación da rede de espazos verdes da cidade, integrando os que xa existen e xerando riqueza biolóxica, como por exemplo, os humidais e continuar co acceso e estudo dos mesmos.
- Protexer, mellorar e ordenar os puntos de gran identidade paisaxística.
- Continuar co fomento das rutas urbanas pola cidade xa deseñadas
- Levaranse a cabo actuacións de protección dos animais en colaboración con entidades para promover o respecto entre os mozos da cidade.
- Potenciar a reforestación e uso dos Parques Forestais de Vigo.

O Vigo da mobilidade e a vivenda

A eficiencia enerxética e o desenvolvemento sostible ten sido un elemento central das nosas políticas, durante o período 2007-2011, melloramos o funcionamento do transporte público e apostado por novos modelos de mobilidade como o coche eléctrico.

Debemos seguir velando polo correcto desenvolvemento urbano de Vigo. Tanto para combinar o binomio mobilidade e urbanismo como para garantir o acceso a vivendas dignas e asequibles que agora a Dereita ameaza coa revisión dun PXOM co que se pretende favorecer a especulación e o pelotazo urbanístico.

Mobilidade

A mobilidade proposta polos socialistas baséase no respecto ao medio ambiente e a preferencia do transporte público. Neste eido cobra especial importancia o desenvolvemento de medidas eficaces para acompañar a consolidación do vehículo eléctrico.

Obxectivo

Facer de Vigo unha cidade de referencia no ámbito da mobilidade sostible, garantindo a cobertura das necesidades loxísticas da súa cidadanía e a preservación do medio ambiente.

Medidas

- Potenciación dos vehículos ecolóxicos e do coche eléctrico. Os vehículos 100% eléctricos non pagarán o imposto de vehículos de tracción mecánica. Ademais fomentárase o aparcamento e circulación preferente na vía pública e permitirase a circulación do vehículo eléctrico en zonas restrinxidas da cidade.
- Reserva de espazos para recargas rápidas por emerxencias a vehículos que presten servizos urbanos sensibles: atención médica, seguridade, policía. etc.
- Reserva de espazos para recargas de flotas de taxis cando a autonomía do vehículo eléctrico sexa suficiente para prestar este servizo.
- Plan de mellora do transporte urbano que seguirá incidindo na redución dos tempos de espera, na información online e offline, en tempo real aos usuarios, rutas transversais e mellora do transporte ás parroquias.

Vivenda

Cando aínda non temos saído da crise propiciada entre outros factores pola burbulla do ladrillo, é preciso lembrar que o acceso a unha vivenda digna é un principio fundamental da nosa sociedade.

A Dereita xa ten anunciado a súa intención de modificar o PXOM aprobado hai catro anos para reducir o volume de vivendas oficiais protexidas e colocar no seu lugar vivendas de luxo para reproducir o modelo de pelotazo urbanístico.

Obxectivos

Garantir que todas as viguesas e vigueses teñan dereito ao acceso a unha vivenda digna xa sexa en réxime de compra ou de aluguer.

Medidas

- Fomentaremos a promoción de vivendas de Promoción Municipal e o desenvolvemento do 48% de vivenda protexida nos ámbitos do PXOM.
- Crearemos un parque municipal de vivendas en aluguer especialmente dirixido a colectivos como mozos e unidades familiares con ingresos baixos.
- Activaremos programas de rehabilitación que contén con axuda en función de criterios de eficiencia enerxética.
- Incentivaremos a mobilización de vivendas baleiras cara o aluguer protexido con medidas fiscais de promoción.

O Vigo do bo goberno. O goberno da austeridade

Por último, o Goberno de Vigo debe ser unha imaxe coherente da cidade. Os tempos nos que Vigo non podía atopar políticos da súa altura xa pasou. Vigo merece ter un Alcalde que garanta a eficacia, o rigor, a honradez e a austeridade.

Non se pode repetir un Vigo que tarde 20 anos en ter un PXOM, que despilfarre os fondos públicos en despachos de luxo, que non aprobe os seus orzamentos municipais ano tras ano, e que se vexa envolto na denuncia permanente. O goberno de Abel Caballero ten demostrado que é posible contar cun goberno eficaz, rigoroso, austero e honesto. Vigo non merece menos.

Facenda local

Os socialistas de Vigo asumimos o compromiso de facer unha xestión eficiente dos recursos asignados ao Concello, cumprindo cos principios de eficiencia, economía, transparencia e de estabilidade orzamentaria.

No actual contexto, a aplicación dos principios de boa gobernanza pública fan que os socialistas asumamos o compromiso de respectar o equilibrio orzamentario entre ingresos e gastos públicos, así como a consecución dunhas finanzas públicas saneadas. Este camiño, iniciado xa nestes catro anos, continuará a percorrerse durante o seguinte período de Goberno.

Este compromiso é compatible co de manter o nivel de ingresos para sufragar o gasto público que deriva do exercizo das competencias municipais en todas as áreas de goberno como a seguridade cidadá, a ordenación do tráfico, protección civil, disciplina urbanística, protección do medio ambiente, sanidade pública, servizos sociais, subministro de auga e as restantes competencias.

En todo caso, non se incrementará a presión fiscal sobre os cidadáns, senón que se fará unha xestión eficiente dos recursos existentes que tamén será compatible co obxectivo de obter novas fontes de financiamento derivadas da participación nos ingresos da Unión Europea, do Estado, da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial.

Tendo en conta que a finalidade principal dos ingresos e a de obter os recursos necesarios para a realización das actividades encomendadas ao Concello, velarase pola aplicación efectiva do sistema tributario municipal dentro das esixencias de legalidade e de evitación do fraude fiscal. Para iso, colaborárase con outras administracións para que o que uns cidadáns non pagan, teñan que pagalo outros.

A consecución de obxectivos de interese social tamén se instrumentará a través de medidas de fomento como as subvencións e mediante o uso de bonificacións fiscais nos tributos de competencia local.

Obxectivos

Contar cunhas finanzas locais sólidas e equilibradas que permitan o desenvolvemento das competencias atribuídas ao Concello.

Manter o nivel de ingresos tributarios de xeito que non se incremente o nivel de presión fiscal global para os cidadáns.

Conseguir novos recursos financeiros para a satisfacción das necesidades dos cidadáns de Vigo mediante a oportuna participación nos ingresos doutras administracións.

Contar cunha administración eficiente e transparente para os cidadáns que informe e aplique o sistema de recursos financeiros de forma áxil e eficaz.

Conseguir que os recursos económicos do Concello cumpran co obxectivo de apoiar ás viguesas e vigueses no desenvolvemento de tarefas de interese xeral e satisfacer as necesidades dos cidadáns.

Medidas

- Manter o nivel de presión fiscal sen que se creen, no que depende das competencias municipais, novos impostos para os cidadáns.
- Respetar a estabilidade orzamentaria entre ingresos e gastos públicos para contar cunhas finanzas públicas saneadas.
- Realizar un gasto público eficiente que permita un aforro de custos ao elixir as opcións máis austeras e mellores entre as existentes, procurando tamén que xeren un retorno positivo para os cidadáns.
- Respetar a economía no gasto, elixindo as alternativas que supoñan un menor custo para a Facenda Local.
- Subministrar información pública actualizada sobre a execución do orzamento municipal e asumir a transparencia na xestión das contas públicas.
- Coordinación, colaboración e cooperación con outras administracións para facer unha aplicación máis eficiente e eficaz no sistema tributario e para loitar contra o fraude fiscal.

- Establecer medidas de coordinación entre as administracións que simplifiquen os trámites para os cidadáns, as empresas e que eviten o fraude fiscal.
- Utilizar o sistema tributario local para incentivar a actividade económica e para conseguir fins de interese xeral. Neste sentido, propónse o uso da técnica das bonificacións fiscais para favorecer actividades como a rehabilitación, a reciclaxe, o transporte colectivo, o uso de enerxías alternativas, os vehículos eléctricos e, tamén, para a protección da familia e de determinados colectivos.
- Facilitar as relacións coa administración tributaria local, simplificando trámites e informando aos contribuíntes das súas obrigas e dereitos.
- Establecer ferramentas para a aplicación da Oficina Virtual Tributaria para a presentación de declaracións e recursos.
- Difusión dos criterios utilizados polo Órgano Económico-Administrativo Local na resolución de reclamacións.
- Establecer un Foro de diálogo permanente cos contribuíntes, coas empresas e cos profesionais para conseguir evitar os problemas que xorden da aplicación do ordenamento xurídico e, deste xeito, evitar problemas para os cidadáns e reducir a litixiosidade.
- Realizar campañas de educación cívico-tributaria con colexios, asociacións e axentes económicos e sociais, así como campañas de difusión que faciliten o coñecemento das obrigas, dos dereitos, e dos trámites a realizar ante a administración local.
- Implantar a administración electrónica no ámbito tributario para facilitar o cumprimento das obrigas de presentar as declaracións tributarias desde o domicilio dos contribuíntes.
- Facilitar o pagamento dos impostos e taxas locais, así como implantar novos medios de pago que faciliten o cumprimento das obrigas tributarias.

Administración Local

As tecnoloxías da información e a comunicación están permitindo debuxar sociedades onde o intercambio de opinión e información é vertixinoso e a mobilización social é posible dun modo case instantáneo.

Neste novo entorno, as tecnoloxías poden e deben converterse en aliadas da democracia e a participación social; as institucións contan agora con ferramentas que permiten axilizar os trámites administrativos, achegar a información aos cidadáns e converter a transparencia nun eixe vertebrador do goberno. Unha cidadanía activa, implicada, formada e crítica é a mellor garantía para a fortaleza democrática. É tempo de dar un paso máis na procura de concellos máis modernos con administracións máis próximas e transparentes.

A difícil coxuntura económica, fai tamén que os cidadáns amosen máis desconfianza sobre o valor das institucións e unha desafección evidente coa política. Para os socialistas é unha responsabilidade central, devolver á cidadanía a confianza no funcionamento das institucións e nas persoas que a representan e dar exemplo de rigor, equidade e austeridade na xestión do público, modernizando a administración, incrementando a súa transparencia e animando á participación activa da cidadanía na toma de decisións e na corresponsabilidade.

O desenvolvemento pleno da e-Administración e das Axendas Dixitais, convértese en instrumento esencial para esa modernización e para achegar, aínda máis, a administración ao conxunto da cidadanía. Experiencias como os orzamentos participativos, a creación de redes ou de un consello municipal, amósanse tamén de gran utilidade para incorporar a participación cidadá á xestión municipal e involucrar aos veciños e veciñas na toma de decisións. Novas ferramentas para unha nova sociedade.

Obxectivos

O Concello de Vigo constitúe un referente nacional en canto a modernización administrativa. Froito da súa aposta continua pola e-Administración, este Concello foi recoñecido, xunto co de Barcelona, como o máis avanzado na prestación de servizos telemáticos. Desde o ano 2000, Vigo dispón dun amplo abano de procedementos informatizados, moitos deles con posibilidade de tramitación telemática. O noso principal obxectivo é seguir traballando pola modernización da administración do Concello de Vigo, mellorando e axilizando os trámites, incrementando a transparencia e o bo goberno e aumentando a participación cidadá.

Medidas

- Descentralización do Concello. Achegar a administración local ás distintas zonas de Vigo.
- Aprobar Códigos Éticos e de Bo Goberno no Concello de Vigo, incorporando os acordos da FEMP neste eido incluíndo información na web municipal das retribucións e patrimonio dos membros da Corporación e sobre as responsabilidades e incompatibilidades dos mesmos.
- Desenvolver por completo as Axendas Dixitais no Concello de Vigo, completando a integración da e-Administración e incorporando ao conxunto dos trámites administrativos á rede, impulsando as experiencias de Concello 2.0 que amplíe as canles de información e tramitación online.
- Crear sistemas de reclamación, suxestión e proposta que utilizando todo as canles posibles (teléfono, sms, carta, mail, web, redes sociais..) permitan achegar ideas, demandas ou reivindicacións dos cidadáns sobre os distintos servizos municipais.
- Crear Plataformas Dixitais de Licitación pública, que permitan trasladar á rede as condicións e trámites completos das licitacións públicas.
- Crear Sistemas de Control de Calidade dos servizos municipais que fagan unha avaliación anual dos mesmos e axusten as medidas de mellora para procurar unha modernización e actualización continua dos mesmos.
- Impulsar a integración do Concello de Vigo nos proxectos dos observatorios europeos da participación e a transparencia, poñendo en marcha indicadores homoxéneos que permitan seguir avanzando e ampliando os canles participativos, de información e comunicación coa cidadanía.
- Afondar no Goberno Aberto apostando pola transparencia, a participación e a colaboración da cidadanía pondo en marcha novas canles de comunicación entre o Concello e os cidadáns e cidadás a través das redes sociais que nos fagan estar mais próximos a eles. Fomentar a escoita activa dos vigueses e viguesas incorporando as súas achegas de xeito mais directo no labor do goberno.
- Creación de listas de contactos vía mail, nas que se incluírán todas as persoas que o soliciten, a través das que o Concello informará de todas as súas novidades.

Novas tecnoloxías

- Seguiranse creando puntos WIFI en zonas públicas da cidade.
- Seguirase fomentando a administración electrónica en todos os trámites co Concello.
- Implantación do software libre en todos os departamentos do goberno municipal.
- Promoción de cursos destinados a colectivos de mozos para a xestión e funcionamento de entidades xuvenís a través de software libre.

Participación cidadá

A interpretación da democracia é agora, máis que nunca, o da participación directa da cidadanía. As ferramentas aportadas polas novas tecnoloxías permiten albiscar un horizonte onde a interacción entre gobernantes e gobernados sexa tan intensa que resultará difícil determinar os puntos de inflexión (se de aquela existen).

Neste momento resulta preciso avanzar na elaboración dese ideal que algúns dan en denominar Democracia 2.0. As administracións locais están obrigadas a incrementar a súa descentralización e favorecer o acceso á xestión de goberno a todos os veciñas e veciñas que así o desexen, xa sexa dun xeito individual ou colectivo.

O Concello de Vigo é xa referencia no contexto do estado español no eido da administración electrónica sendo a súa web unha das máis avanzadas en canto a oferta de xestión telemática de servizos de atención cidadá, recursos humanos e contratación.

Unha sociedade cambiante e dotada cada día de mais recursos tecnolóxicos como a nosa demanda unha administración mais acaida e achegada aos cidadáns tanto na oferta de servizos como na escoita activa dos mesmos.

Obxectivo

Afondar en sistemas de comunicación que favorezan a relación directa entre cidadanía e administración, garantindo unha rede de traballo baseada no rigor, na eficacia e na transparencia.

Medidas

- Impulsar o asociacionismo veciñal, e social ampliando os recursos e os equipamentos que apoién o seu traballo e favorezan a súa participación.
- Completar as redes de Centros Sociais, Cívicos e Veciñais, para dotar á cidade de Vigo de espazos de encontro que dean un pulo á participación cidadá e mesmo permitan descentralizar os servizos municipais.
- Ampliar as canles de participación informal e individual, a través da utilización dos sistemas móbiles ou das redes sociais, para incrementar o número de persoas que coñecen e participan nas decisións de carácter municipal.
- Fomentar o coñecemento e uso de Internet mediante cursos e obradoiros, dirixidos aos veciños e veciñas de Vigo e especialmente as persoas maiores e os nenos e nenas.
- Mellorar a comunicación entre as asociacións viguesas a través de internet xerando espazos de relación entre si, cos seus membros e coa cidadanía en xeral, permitíndolles informar das súas actividades, e a súa vez estar informados.

Voluntariado

O concepto e significado do voluntariado foi cambiando co xurdimento dos movementos sociais e a vida das asociacións. Hoxe non sería posible entender a democracia participativa sen a presenza do voluntariado. Os tempos actuais ocasionaron unha alza do movemento de voluntariado, contando Vigo cunha forte corrente solidaria. A aportación que representa o voluntariado na nosa cidade ten que ser recoñecida, valorada e cuantificada. O voluntariado de Vigo é sinónimo de interese xeral e mellora da calidade de vida dos vigueses e viguesas.

Obxectivos

Buscar a participación dos voluntarios, entidades de acción social, AAVV, para conseguir facer de Vigo a Cidade do Voluntariado, facendo da cooperación unha marca social da cidade de Vigo, promovendo un voluntariado de calidade e incrementando a súa presenza na sociedade viguesa.

Medidas

- Entender a formación como elemento fundamental para a prestación do servizo por parte das persoas voluntarias.
- Incorporar e/ou aumentar a presenza de persoas voluntarias nos eventos organizados na cidade polas diferentes concellerías.
- Achegar ao voluntariado aos centros cívicos cos que conta a cidade.
- Concienciar á cidadanía sobre a importancia da solidariedade e de fomentar valores como a educación e o civismo.
- Apostar polo voluntariado medioambiental.
- Impulsar o voluntariado cultural.
- Promover o voluntariado tecnolóxico para a resolución de pequenos problemas domésticos relacionados coas novas tecnoloxías.
- Fomentar o voluntariado social: acompañamento a maiores, minusválidos físicos ou psíquicos, nenos...